



## **PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 70/2011, DO 7 DE ABRIL, POLO QUE SE REGULAN A ACTIVIDADE INDUSTRIAL E A PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOS TALLERES DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES E DOS SEUS EQUIPAMENTOS E COMPOÑENTES**

A Comunidade Autónoma de Galicia é competente para regulamentar a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes de acordo co artigo 30.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, que lle atribúe a Galicia a competencia exclusiva en materia de industria.

O Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes, derogou o Decreto 206/1994, do 16 de xullo, polo que se adapta a normativa vixente en materia de prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos e dos seus equipamentos e compoñentes, e serviu para adaptar a lexislación galega en materia de talleres de reparación de vehículos automóbiles á Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior, e á lexislación de ámbito nacional, en concreto ao Real decreto 455/2010, do 16 de abril, que modifica o Real decreto 1457/1986, do 10 de xaneiro, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles, dos seus equipamentos e compoñentes.

O Decreto 108/2017, do 2 de novembro, modificou o Decreto 70/2011, do 7 de abril, para introducir unha serie de cambios relativos á incorporación de dúas novas especialidades, a adaptación do texto ás normas de tramitación electrónica, a inclusión dunha referencia á protección de datos de carácter persoal, a modificación da estrutura da placa distintiva e a regularización do orzamento polos servizos que prestan os talleres.

O Real decreto 542/2020, de 26 de maio, polo que se modifican e derogan diferentes disposicións en materia de calidade e seguridade industrial, modificou os artigos 6.3, 7.5 e Anexo II do Real decreto 1457/1986, do 10 de xaneiro, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles, dos seus equipamentos e compoñentes, en relación coa placa distintiva dos talleres. Estas modificacións non foron incorporadas á normativa autonómica, polo que cómpre a súa integración para a actualización e mellora da normativa existente.



O cambio de paradigma na relación entre as empresas e os consumidores, onde na actualidade cada vez ten máis presenza o emprego de novas tecnoloxías que permiten a tramitación telemática de diversos procedementos, fai necesaria unha revisión da viabilidade de implantar medidas que permitan o emprego destas tecnoloxías na relación entre as empresas prestadoras de servizos de reparación de vehículos automóbiles e os consumidores.

Coa finalidade de regular todas estas cuestións, considérase o máis axeitado ditar un decreto de modificación que recolla dous puntos fundamentais.

En primeiro lugar, modifícase o formato da placa distintiva para que sexa consonte ás especificacións contidas no Real decreto 542/2020, de 26 de maio, que modificou ao Real decreto 1457/1986, do 10 de xaneiro, incluíndo unha disposición transitoria que permite a permanencia das placas existentes namentres non se produzan cambios que impliquen un cambio da mesma, sempre que estas se axusten ao establecido no Decreto 108/2017, do 2 de novembro.

En segundo lugar, actualízase o disposto nos artigos 8 e 11.bis do Decreto 70/2011, do 7 de abril, para incorporar a posibilidade de que a conformidade do cliente poda realizarse a través de medios electrónicos, que garantan a súa vontade e cuxo soporte sexa duradeiro, como as comunicacións telemática. Isto facilitará que o consentimento se poda realizar sen necesidade da sinatura presencial do cliente no establecemento, para adaptarse á nova realidade do mercado e da sociedade.

O artigo 37.a da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece que en todas as iniciativas normativas xustificárase a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia.

A adecuación ao principio de necesidade fundaméntase na conveniencia de aclarar e adaptar preceptos que establece o Decreto 70/2011, do 7 de abril.

En canto ao principio de proporcionalidade, non se contemplan na norma novas autorizacións ou medidas de intervención que se poidan considerar non proporcionais.

O principio de seguridade xurídica non se ve afectado polo novo decreto pois é coherente co resto do ordenamento xurídico e del non derivan novas cargas administrativas, cumpríndose así os principios de simplicidade e eficacia.

En canto á transparencia e accesibilidade, o presente decreto tramitouse de conformidade co

disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e expúxose publicamente buscando a participación activa das potenciais persoas, entidades e sectores afectados, co obxecto de recoller as alegacións e suxestións de interese xeral, en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de abril de 2017, polo que se aproban as instrucións para habilitar a consulta pública previa no proceso de elaboración de normativa a través do Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Economía e Industria, de acordo co Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día XX de XX de 2025

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes*

O Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o apartado 3 do artigo 6, que queda redactado como segue:

3. De arriba a abaixo, a placa distintiva estará dividida en tres espazos desiguais destinados a:

a) O superior ás ramas de actividade.

b) O intermedio, ás especialidades.

c) O inferior, ás siglas da provincia de localización do taller e ao número de identificación do taller asignado pola consellería competente en materia de industria. En ningún caso a obtención deste número de identificación poderá constituír un requisito previo para o inicio do exercicio da actividade.

Dous. Modifícase o apartado 6 do artigo 7, que queda redactado como segue:

6. A parte inferior da placa distintiva estará dividida en dúas zonas diferenciadas:

a) A da esquerda, destinada ás siglas estampadas da correspondente provincia (C, LU, OU, PO).

b) A da dereita, destinada a estampar o número de identificación do taller asignado pola consellería competente en materia de industria.

Tres. Modifícase o apartado 1 do artigo 8, que queda redactado como segue:

1. Todas as pezas de recambio que os talleres utilicen nas súas reparacións deberán ser novas e adecuadas ao modelo do vehículo obxecto de reparación coa seguinte excepción:

Sempre que non afecte ou substitúa elementos do sistema de freada, suspensión ou dirección do vehículo, poderanse utilizar recambios usados, equipamentos ou conxuntos reconstruídos, ou acondicionados polos fabricantes, polos talleres autorizados destes ou por industrias especializadas, sempre que o cliente preste a súa conformidade previa por escrito, presencial ou por medios electrónicos, que deixen constancia da vontade do cliente e cuxo soporte sexa duradeiro, e o taller se responsabilice tamén por escrito de que tales pezas ou conxuntos se encontran en bo estado e ofrecen suficiente garantía.

Se os recambios usados son facilitados polo cliente e o taller considera que as pezas ou conxuntos non se encontran en bo estado ou non ofrecen a suficiente garantía, deberá negarse a instalalas.

Catro. Modifícanse os apartados 3 e 4 do artigo 8, que quedan redactados como segue:

3. O taller que efectúe a reparación estará obrigado a presentarlle ao cliente as pezas, elementos ou conxuntos que substituíron, salvo manifestación expresa deste. O cliente poderá exixir xustificación documental que acredite a orixe, marca e o prezo dos recambios utilizados. Todas as pezas, elementos ou conxuntos anteditos permanecerán no taller para a súa xestión ambiental.



4. O taller está obrigado a conservar, polo menos durante catro anos, a orixe, marca e o prezo dos recambios utilizados con identificación do/a propietario/a ou vehículo en que foron utilizados.

Cinco. Modifícase o apartado 2 do artigo 10, que queda redactado como segue:

2. Na tramitación dos expedientes poderanse utilizar como probas orientativas da adecuada facturación de todos os talleres, e non só dos talleres autorizados, as táboas de tempo de traballo ás cales se fai referencia no artigo 12º do Real decreto 1457/1986, do 10 de xaneiro, así como calquera outra documentación que considere oportuna o seu instrutor.

Seis. Modifícase o artigo 11.bis.1, que queda redactado como segue:

1. Todo/a usuario/a ou quen actúe no seu nome ten dereito a un orzamento escrito, que terá unha validez mínima de doce días hábiles.

2. No orzamento debe figurar:

a) Razón social, o número de identificación fiscal e o domicilio do taller.

b) Número de establecemento industrial.

[...]

h) Espazo reservado para a data e sinatura de aceptación do/da usuario/a.

5. As avarías ou defectos ocultos que poidan aparecer durante a reparación do vehículo deberán ser postos en coñecemento do/da usuario/a no prazo máximo de 48 horas, con expresión do seu importe, e tan só poderá realizarse a reparación logo da conformidade expresa deste/a por escrito, presencial ou por medios electrónicos, que deixen constancia da súa vontade e cuxo soporte sexa duradeiro.


[...]

7. Tan só se poderá cobrar a confección do orzamento cando o usuario non realice seguidamente a reparación no taller en que foi elaborado e se fixer constar previamente no xustificante de depósito de vehículo os traballos necesarios para a súa elaboración e o seu prezo, e constase por escrito, presencial ou por medios electrónicos, que deixen constancia da súa vontade e cuxo soporte sexa duradeiro.

Sete. Modifícase o apartado 1.c) do artigo 12, que queda redactado como segue:

c) A utilización de pezas, elementos ou conxuntos usados sen coñecemento e autorización do/a propietario/a do vehículo, utilizar recambios inadecuados ou nos cales non conste a marca do fabricante do recambio e/ou non homologados, cando este último requisito sexa preceptivo, así como tamén a utilización ou uso de elementos, partes, accesorios ou líquidos de goberno do vehículo sen consentimento expreso do/a propietario/a deste.

Oito. Modifícase a placa distintiva do anexo II, que queda substituída por:



Disposición transitoria única. Adaptación de placas distintivas en talleres existentes

Os talleres que iniciasen a súa actividade con anterioridade á entrada en vigor deste decreto poderán manter a placa distintiva descrita nos artigos 6 e 7 do Decreto 108/2017, do 2 de novembro, polo que se modifica o Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos

automóviles e dos seus equipamentos e compoñentes. Porén, cando o taller realice un cambio ou modificación que implique un cambio na placa distintiva, esta deberá axustarse ao establecido neste decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, XX de XX de XXXXX

Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente

María Jesús Lorenzana Somoza

Conselleira de Economía e Industria